

Disposición derradeira primeira. *Habilitación ó ministro de Economía e Facenda.*

Facúltase o ministro de Economía e Facenda para dicta-las normas que sexan precisas para o desenvolvemento da presente lei, en especial a definición do termo «día laborable bancario», así como para modifica-las contías máximas recollidas nos seus artigos 1 e 8

Disposición derradeira segunda. *Normas básicas.*

As disposicións contidas na presente lei decláranse básicas de conformidade co disposto no artigo 149.1.11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor ós vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**8577** *REAL DECRETO LEI 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia.* («BOE» 92, do 17-4-1999, e 101, do 28-4-1999.)

O Goberno considera que no actual contexto da economía española, dentro da Unión Monetaria, a política económica ten que orientarse cara a unha maior liberalización e flexibilización dos sectores productivos, de maneira que se logre un ritmo de crecemento económico que permita continuar aproximando os niveis de renda per cápita de España ós do resto de países da Unión Europea. Un dos obxectivos da política económica é perfecciona-lo funcionamento dos mercados domésticos valéndose de reformas de carácter estrutural que procuren unha máis eficiente resposta da oferta ós impulsos da demanda. Estas medidas estimulan a competencia nos mercados de bens, servizos e factores productivos e contribúen á estabilidade da economía mediante unha mellor asignación dos recursos e unha maior igualdade de oportunidades dos axentes nos ditos mercados.

As medidas adquiren especial relevancia trala incorporación de España á terceira fase da Unión Monetaria Europea e a constitución do Banco Central Europeo. Neste contexto, as políticas económicas nacionais xa non contan co instrumento monetario para modera-la evolución dos prezos, de maneira que son a política fiscal e as reformas estruturais os únicos medios dispoñibles para mante-la inflación dentro dos límites previstos. En España, dado o dinamismo da demanda interna como elemento impulsor do crecemento económico, puxéronse de manifesto importantes aumentos nos prezos dalgúns sectores, especialmente aqueles menos expostos á competencia exterior, que obrigan á adopción de medidas urxentes para evita-la aparición de tensións inflacionistas.

Unese, pois, a contrastada conveniencia de novas medidas liberalizadoras coa necesidade de aplicarlas neste momento, antes de que o incremento da demanda agregada orixine posibles xermes de inflación que ameaa-

cen a estabilidade e a duración do proceso expansivo da nosa economía.

As medidas adoptadas na presente norma teñen por obxecto provocar un impacto positivo tanto sobre os prezos como sobre as condicións da competencia na nosa economía.

No capítulo I deste real decreto lei, no que se refire ás medidas relativas á fe pública, rebáixanse os custos arancelarios dos notarios e rexistradores da propiedade nos préstamos con garantía hipotecaria e na compra-venda de vivendas. Así mesmo, redúcense os custos de inscrición das sociedades nos rexistros mercantís.

Polo que respecta ós fedatarios públicos mercantís, o real decreto lei modifica o réxime dos aranceis, pasando de fixos a máximos. Por último, sinalase a superior suxeición da actividade dos colexios de notarios, corretores de comercio e rexistradores da propiedade e mercantís ás normas de competencia.

As medidas recollidas no capítulo II da presente norma pretenden posibilitar que calquera cidadán da Unión Europea en posesión do título de piloto e da licencia correspondente poida acceder en España ó posto de comandante de aeronave civil, adecuando os requisitos establecidos pola lexislación española ó disposto no Tratado da Unión Europea en canto á libre circulación de traballadores.

No capítulo III, co obxecto de afondar na liberalización do mercado gasístico, diminúense os niveis de consumo requiridos para acceder á condición de consumidor cualificado, quedando liberalizado o dito mercado no ano 2008. Así mesmo, á vista do rápido desenvolvemento do sector do gas natural en España e da conveniencia de favorece-la entrada de novos distribuidores e impulsa-la competencia, redúcese o período de exclusividade nunha zona xeográfica concedido ós distribuidores autorizados pola Lei 34/1998, sobre o sector de hidrocarburos.

En relación co sector eléctrico, no capítulo IV séguese afondando na liberalización mediante a adopción de medidas relativas á diminución do limiar legal para ser considerado consumidor cualificado. Por outra parte, a notable diminución dos tipos de xuro, o incremento da demanda eléctrica e o reparto da eficiencia debido á competencia fan posible unha rebaixa da tarifa media do kwh dun 1,5 por 100, adicional ó 2,5 por 100 rebaixado no Real decreto 2821/1998, que incidirá especialmente sobre os consumidores domésticos.

No capítulo V establécense reducións de prezos nos servizos de telecomunicacións e medidas de fomento da competencia en telefonía móbil.

O capítulo VI prevé a redución das tarifas aboadas polos usuarios das autoestradas de peaxe. Ó longo dos últimos anos considerouse como un obxectivo de política económica a redución da peaxe das autoestradas. Os resultados que se pretende conseguir son, dun lado, a diminución da carga económica dos cidadáns pola utilización de infraestructuras e, doutro lado, o apoio á competitividade e á creación de emprego mediante a rebaixa do prezo dos transportes das mercadorías.

Para conseguir estes obxetivos, o presente real decreto lei habilita un sistema de compensacións que posibilita que aqueles usuarios que teñen que soportar impostos pola utilización deste tipo de estradas se beneficien da redución das peaxes.

No capítulo VII, tendo en conta a necesidade de incidir na moderación dos prezos dos medicamentos e a conveniencia dun uso máis racional dos medios financeiros destinados ó Sistema Nacional da Saúde procédese á revisión da marxe actual dos almacéns farmacéuticos.

En materia de defensa da competencia, o Goberno cre necesario toma-las debidas cautelas para evitar que os procesos de modificación das estruturas dos mercados ocasionen un aumento excesivo do grao de concentración empresarial. Por iso, o capítulo VIII deste real decreto lei introduce unha serie de instrumentos para un maior control das operacións de concentración entre empresas e unha maior eficacia del. En concreto, establécese a notificación obrigatoria para aquelas que superen determinados limiares, ó tempo que se prevé a terminación convencional do procedemento co fin de flexibilizalo.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Xustiza, de Fomento e de Industria e Enerxía, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de abril de 1999, en uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Fedatarios públicos e rexistradores da propiedade e mercantís

#### Artigo 1. *Colexios profesionais.*

Modifícase a disposición adicional segunda da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, reguladora dos colexios profesionais, que queda redactada da seguinte forma:

«Os estatutos, xerais ou particulares, os regulamentos de réxime interior e demais normas dos colexios de notarios, corredores de comercio e rexistradores da propiedade e mercantís adaptaranse ó establecido na presente lei, en canto non se opoña ás peculiaridades esixidas pola función pública que exerzan os seus membros. En todo caso, seralles de aplicación o disposto nos artigos 2.1 e 2.4 da presente lei.»

#### Artigo 2. *Aranceis.*

Un. Os aranceis dos notarios e rexistradores da propiedade, establecidos polos reais decretos 1426 e 1427/1989, do 17 de novembro, redúcense nun 25 por 100 no caso de constitución, modificación, subrogación e cancelación de préstamos e créditos con garantía hipotecaria e na compravenda de vivendas. No suposto de que nos reais decretos referidos, ou na normativa especial, se recolla algún tipo de rebaixas arancelarias, a redución prevista nesta norma aplicarase á cantidade que resulte unha vez deducida a rebaixa inicial.

Dous. Os aranceis dos rexistradores mercantís establecidos polo Decreto 757/1973, do 29 de marzo, redúcense nun 25 por 100 nos supostos de constitución, modificación de estatutos, aumento e diminución de capital, fusión, escisión e depósito de contas de sociedades.

Tres. Os aranceis dos corredores de comercio colexiados, aprobados por Decreto do 15 de decembro de 1950, terán carácter de aranceis de máximos, e os referidos fedatarios públicos poderán aplica-los descontos que estimen pertinentes.

Catro. As modificacións que, a partir da entrada en vigor do presente real decreto-lei, puidiesen realizarse respecto dos aranceis a que se refire este artigo poderán efectuarse regulamentariamente conforme a normativa específica reguladora deles.

## CAPÍTULO II

### Navegación aérea

#### Artigo 3. *Modificación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea.*

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 59, que queda redactado da seguinte forma:

«O comandante da aeronave é a persoa designada polo empresario para exercer-lo mando. Poderá acceder ó posto de comandante calquera cidadán que teña a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea e se atope en pleno desfrute dos seus dereitos civís e en posesión do título de piloto e da licenza de aptitude correspondente ó tipo de aeronave utilizada.»

Dous. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 60, que queda redactado da seguinte forma:

«O comandante designado polo empresario desempeñará o mando da aeronave e será o responsable dela e da súa tripulación, dos viaxeiros e equipaxes, da carga e do correo desde que se faga cargo daquela para emprende-lo voo, aínda que non asuma a súa pilotaxe material.»

## CAPÍTULO III

### Sector de hidrocarburos gasosos

#### Artigo 4. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Un. Modifícanse os puntos 1 e 2 da disposición transitoria quinta, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Para os efectos previstos no artigo 60, terán a consideración de consumidores cualificados aqueles consumidores nas instalacións dos cales, situadas nun mesmo emprazamento, o consumo anual se adecue en cada momento ó seguinte calendario:

Aqueles cun consumo igual ou superior a 10.000.000 de Nm<sup>3</sup> no momento da entrada en vigor deste real decreto-lei.

Aqueles cun consumo igual ou superior a 5.000.000 de Nm<sup>3</sup> o 1 de xaneiro do ano 2000.

Aqueles cun consumo igual ou superior a 3.000.000 de Nm<sup>3</sup> o 1 de xaneiro do ano 2003.

2. A partir do 1 de xaneiro do ano 2008 tódolos consumidores, independentemente do seu nivel de consumo, terán a consideración de cualificados.»

Dous. Modifícase a disposición transitoria décimo quinta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria décimo quinta. *Distribución de gas natural.*

Sobre a zona de distribución de gas natural dunha concesión que, de acordo coa disposición adicional sexta da presente lei, devise en autorización, non poderán concederse novas autorizacións para a construción de instalacións de distribución durante un período equivalente ó tempo de vixencia da concesión orixinal, cun máximo de dez anos desde a entrada en vigor da lei, debendo cumprir, neste período, as empresas autorizadas, as obrigas de servizo público de desenvolvemento e extensión das redes, impostas en virtude da concesión, e salvo saturación da capacidade das súas instalacións. Todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 78 da presente lei.»

## CAPÍTULO IV

### Sector eléctrico

**Artigo 5. Reducción de tarifas eléctricas de consumidores domésticos e de prezos de produción en réxime especial.**

Un. Con carácter excepcional, as tarifas de baixa tensión 1.0, 2.0 e 2.0.N (nocturna) que aplican as empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, a partir da entrada en vigor do presente real decreto-lei, diminúense, en media global conxunta delas, no 1,5 por 100 sobre as tarifas que entraron en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Dous. O termo de potencia e o termo de enerxía das tarifas afectadas son os seguintes:

Baixa tensión	Termo de potencia Tp: Ptas./Kw e mes	Termo de enerxía Te: Ptas./Kwh
1.0 Potencia ata 770 w .....	44	9,89
2.0 Xeral, potencia non superior a 15 Kw .	247	14,03
2.0. N (nocturna) .....	247	(1)

(1) Enerxía consumida día (punta e chan): 14,41 pesetas/kwh de termo de enerxía.

Enerxía consumida noite (val): 6,54 pesetas/kwh de termo de enerxía.

Tres. Os prezos dos termos de potencia e enerxía para aquelas instalacións acollidas ó réxime establecido no Real decreto 2366/1994, do 9 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións hidráulicas, de coxeración e outras, abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, diminúen un 0,74 por 100 adicional sobre a rebaixa do 3,22 por 100 acometida no artigo 2.2 do Real decreto 2821/1998, do 23 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para 1999.

Os ditos prezos son os que se establecen a continuación:

Tipo instalación	Potencia instalada	Ptas./Kw e mes	Ptas./Kwh
Grupo A .....	P< ou = 100	315	10,45
Grupo B .....	P< ou = 100	625	9,21
Grupo C, D e E.	P< ou = 15	1.604	7,27
	15<P< ou = 30	1.553	7,00
	30<P< ou = 100	1.508	6,78
Grupo F .....	P< ou = 10	315	10,45

Catro. Anualmente, ou cando circunstancias especiais o aconsellen, logo dos trámites e informes oportunos, o Goberno, mediante real decreto, procederá á modificación das tarifas e prezos a que se refiren os puntos anteriores do presente artigo.

**Artigo 6. Consumidores cualificados de enerxía eléctrica.**

Un. Sen prexuízo do disposto no artigo 1.3 do Real decreto 2820/1998, do 23 de decembro, polo que se establecen as tarifas de acceso ás redes e, de conformidade co previsto no artigo 9.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, terán a consideración

de consumidores cualificados de enerxía eléctrica a partir do 1 de xullo do ano 2000 tódolos consumidores ós que se lles realicen subministracións a tensións nominais superiores a 1.000 voltios.

Dous. Autorízase o Goberno a modificar, mediante real decreto, os límites establecidos na presente disposición e a establece-lo calendario de liberalización para subministración con tensións inferiores a 1.000 voltios, se así o recomendan as condicións do mercado, e valorando, en especial, as condicións de consumo anual e/ou tensión de subministración.

## CAPÍTULO V

### Sector de telecomunicacións

**Artigo 7. Medidas de redución de prezos nos servicios de telecomunicacións e de fomento de competencia en telefonía móbil.**

Un. Procederáse a aplicar a «Telefónica, Sociedad Anónima», as seguintes medidas:

a) Reducción dos prezos actuais das chamadas de fixo a móbil nun 5,76 por 100 en horario de tarifa normal e un 12,85 por 100 en horario de tarifa reducida, a partir do 1 de xullo de 1999.

b) Reducción do 10 por 100 na cota de aboamento mensual do servizo de liñas susceptibles de arrendamento analóxicas de banda vocal de calidade ordinaria a 2 fíos (UIT-M1040), no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

c) Reducción do 5 por 100 na cota de aboamento mensual do servizo de liñas susceptibles de arrendamento dixitais a 2048 Kbits/segundo, sen estruturar, no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

d) Reducción do nivel máximo da banda de prezos establecida mediante orde do Ministerio de Fomento do 31 de xullo de 1998, para o servizo telefónico móbil automático analóxico, na cantidade que se reducen as tarifas de interconexión de terminación na rede fixa de «Telefónica, Sociedad Anónima», como consecuencia da aplicación da orde do Ministerio de Fomento do 26 de novembro de 1998, e supresión do límite inferior establecido para a referida banda de prezos, a partir do 1 de xullo de 1999.

Dous. Os prezos do servizo telefónico fixo por chamadas provinciais, interprovinciais e internacionais baixarán, nas porcentaxes previstas na orde do Ministerio de Fomento do 18 de marzo de 1997, para o presente exercicio; isto é:

a) O 10 por 100 no prezo do servizo telefónico provincial.

b) O 20 por 100 no prezo do servizo telefónico interprovincial.

c) O 12 por 100 no prezo do servizo telefónico internacional.

O calendario de aplicación desta previsión será o seguinte:

1.º Antes do 1 de xullo, o 50 por 100 das rebaixas previstas.

2.º Antes do 1 de decembro, o restante 50 por 100. O réxime de descontos actualmente vixente adaptarase ós novos prezos, resultantes das reducións indicadas.

Tres. Facúltase o Ministerio de Fomento para que determine e publique as cantidades resultantes da aplicación das rebaixas referidas nos puntos 1 e 2.

Catro. O Ministerio de Fomento, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, propondrá ó Consello de Ministros a aprobación dun real decreto que regule un novo marco regulatorio de prezos máximos para «Telefónica, Sociedad Anónima», de carácter transitorio, baseado nun modelo de límites máximos anuais de prezos.

Cinco. O Ministerio de Fomento, conforme a vixente lexislación e conforme a normativa técnica comunitaria, adoptará, coa debida prontitude, calquera medida que fomente un incremento da competencia efectiva no mercado da telefonía móbil ou, se é o caso, propondrá a súa adopción no Consello de Ministros.

Seis. As modificacións que a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei puidesen realizarse respecto das tarifas e prezos regulados no presente artigo poderán efectuarse regulamentariamente conforme a normativa específica de aplicación.

## CAPÍTULO VI

### Autoestradas de peaxe

Artigo 8. *Autoestradas de peaxe.*

Un. A partir da entrada en vigor deste real decreto lei iniciaranse os trámites de revisión dos contratos de concesión de autoestradas para rebaixar-las tarifas de peaxe satisfeitas polos usuarios nun 7 por 100 do seu importe.

Dous. A Administración Xeral do Estado, unha vez cerrado cada exercicio, liquidará as sociedades concessionarias do seu ámbito competencial pola perda de ingresos que lles supoña a baixada de tarifas.

Tres. Así mesmo, cando o concedente sexa unha Comunidade Autónoma, a Administración Xeral do Estado poderá subscribir convenios de colaboración con esta para os efectos de fixar-las actuacións e o financiamento necesarios para levar a cabo a liquidación a que se refire o parágrafo anterior. En todo caso, o aboamento das cantidades que poida comprometer a Administración Xeral do Estado nos convenios efectuarase unha vez cerrado cada exercicio.

## CAPÍTULO VII

### Distribución de especialidades farmacéuticas de uso humano

Artigo 9. *Marxe dos almacéns farmacéuticos.*

Un. Modifícase o artigo 1 do Real decreto 164/1997, do 7 de febreiro, polo que se establecen as marxes correspondentes ós almacéns maioristas pola distribución de especialidades farmacéuticas de uso humano, que queda redactado da seguinte forma:

«A marxe dos almacéns farmacéuticos na distribución de especialidades farmacéuticas de uso humano fíxase no 9,6 por 100 do prezo de venda do almacén sen impostos.»

Dous. As modificacións que a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei poidan realizarse respecto da marxe dos almacéns farmacéuticos poderán efectuarse regulamentariamente conforme a normativa específica de aplicación.

## CAPÍTULO VIII

### Defensa da competencia

Artigo 10. *Modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

Un. Dáselle nova redacción ó capítulo II do título I, que pasa a dicir:

#### «CAPÍTULO II

#### Das concentracións económicas

Artigo 14. *Ámbito de aplicación.*

1. Todo proxecto ou operación de concentración de empresas deberá ser notificado ó Servizo de Defensa da Competencia por unha ou varias das empresas partícipes cando:

a) Como consecuencia da operación se adquira ou se incremente unha cota igual ou superior ó 25 por 100 do mercado nacional, ou dun mercado xeográfico definido dentro del, dun determinado produto ou servizo, ou,

b) O volume de vendas global en España do conxunto dos partícipes supere no último exercicio contable a cantidade de 40.000 millóns de pesetas, sempre que polo menos dous dos partícipes realicen individualmente en España un volume de vendas superior a 10.000 millóns de pesetas.

Esta obriga de notificación non afecta aquelas operacións de concentración que caian dentro do ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) 4064/89, do Consello, modificado polo Regulamento (CEE) 1310/97.

2. Para os efectos previstos no punto anterior consideraranse concentracións económicas aquelas operacións que supoñan unha modificación estable da estrutura de control das empresas partícipes mediante:

a) A fusión de dúas ou máis empresas anteriormente independentes.

b) A toma de control da totalidade ou de parte dunha empresa ou empresas mediante calquera medio ou negocio xurídico.

c) A creación dunha empresa en común e, en xeral, a adquisición do control conxunto sobre unha empresa, cando esta desempeñe con carácter permanente as funcións dunha entidade económica independente e non teña por obxecto ou efecto fundamental coordinar-lo comportamento competitivo de empresas que continúen sendo independentes.

Artigo 15. *Notificación de operacións de concentración.*

1. A notificación das operacións de concentración que entren no ámbito de aplicación do artigo 4 da presente lei deberá presentarse no Servizo de Defensa da Competencia previamente á realización da operación ou ata un mes despois da data da conclusión do acordo de concentración.

A notificación previa non implicará a suspensión da execución da operación antes da súa autorización expresa ou tácita, aínda que en todo caso a dita operación quedará suxeita ó disposto no artigo 17.

2. O feito da notificación será público.

3. Determinarase regulamentariamente a forma e o contido da notificación, na cal constarán, en todo caso, os datos necesarios para poder apreciar a natureza e os efectos da operación.

4. Con carácter previo á presentación da notificación poderá formularse consulta ó Servicio sobre se unha determinada operación supera os limiares mínimos de notificación obrigatoria previstos no punto 1 do artigo 14 desta lei. O prazo dun mes previsto no número 1 deste artigo quedará suspendido ata que as partes reciban a contestación á súa consulta.

5. A notificación das operacións de adquisición de accións admitidas a negociación nunha bolsa de valores cando, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 24/1988, do mercado de valores, sexa preceptiva a realización dunha oferta pública de adquisición, será obxecto de procedemento específico determinado regulamentariamente.

*Artigo 15 bis. Remisión de expedientes ó Tribunal e autorización tácita.*

1. O ministro de Economía e Facenda, por proposta do Servicio de Defensa da Competencia, remitirá ó Tribunal de Defensa da Competencia os expedientes daqueles proxectos ou operacións de concentración notificados polos interesados que considere que poden obstaculizar o mantemento dunha competencia efectiva no mercado, para que aquel, logo de audiencia, se é o caso, dos interesados dictamine ó respecto no prazo de tres meses.

2. Entenderase que a Administración non se opón á operación se transcorrido un mes desde a notificación ó Servicio non se remítise esta ó Tribunal.

3. O servicio notificaralles ós interesados a data en que fosen remitidas as actuacións ó Tribunal de Defensa da Competencia.

4. No caso de que un proxecto ou operación de concentración entre empresas que supera os limiares establecidos no artigo 4 da presente lei non fose notificado ó servicio, este, de oficio, poderá requirir-las empresas para que efectúen a correspondente notificación nun prazo non superior a vinte días contados desde a recepción do requirimento. Transcorrido o dito prazo sen que fose presentada a notificación, o director do servicio, oídas as partes, poderá impo-la sanción prevista no punto 2 do artigo 18 desta Lei.

Non se beneficiarán da posibilidade dunha autorización tácita aquelas operacións notificadas por requirimento do servicio.

5. Se é o caso, poderán entenderse comprendidas dentro da operación determinadas restriccións á competencia accesorias, directamente vinculadas á operación e necesarias para a súa realización.

6. Cando a operación analizada non reúna as condicións establecidas no artigo 14 desta lei, o director do servicio resolverá sobre se a operación debe ser tratada como un acordo de empresas conforme o previsto no artigo 3 desta lei e suxeito, por tanto, ó procedemento previsto no artigo 38 dela; nese caso, non poderá beneficiarse da autorización tácita.

*Artigo 15 ter. Terminación convencional en expedientes de concentración.*

1. Cando dunha operación de concentración, que non supoña a creación ou o reforzamento dunha posición de dominio que poida dificultar-lo desenvolvemento da competencia nun mercado, poidan derivarse obstáculos á competencia facilmente emendables, o ministro de Economía e Facenda, logo de informe do Servicio de Defensa da Competencia, poderá instar-las partes a presentaren compromisos ou modificacións da operación, a cal non se beneficiará do suposto de autorización tácita. As partes deberán contestar no prazo dun mes contado desde o momento en que sexan instadas á presentación de compromisos ou modificacións da operación.

2. Á vista dos compromisos presentados e logo de informe do Servicio de Defensa da Competencia, o ministro de Economía e Facenda poderá resolver:

a) Autoriza-la operación se os compromisos son considerados suficientes.

b) En caso contrario, remiti-lo expediente ó Tribunal.

*Artigo 16. Informe do Tribunal de Defensa da Competencia.*

1. Unha vez remitido o expediente ó Tribunal de Defensa da Competencia, este deberá emitilo seu dictame sobre a operación antes de tres meses. A apreciación de se un proxecto ou operación de concentración pode obstaculizar o mantemento da competencia efectiva no mercado basearase nunha análise dos seus efectos restrictivos, previsibles ou constatados, atendendo principalmente ás seguintes circunstancias:

a) Delimitación do mercado relevante.

b) A súa estrutura.

c) As posibilidades de elección dos provedores, distribuidores e consumidores ou usuarios.

d) O poder económico e financeiro das empresas.

e) A evolución da oferta e da demanda.

f) A competencia exterior.

O Tribunal poderá considerar, así mesmo, a contribución que a concentración poida achegar á mellora dos sistemas de produción ou comercialización, ó fomento do progreso técnico ou económico, á competitividade internacional da industria nacional ou ós intereses dos consumidores ou usuarios e se esta achega é suficiente para compensar-las efectos restrictivos sobre a competencia.

2. Nos casos de empresas en participación analizaranse especialmente os posibles efectos restrictivos da competencia derivados da presenza da empresa participada e das empresas matrices nun mesmo mercado ou en mercados ascendentes, descendentes ou próximos.

3. O informe do Tribunal será público unha vez que o Consello de Ministros adopte a súa decisión sobre a operación.

*Artigo 17. Competencia do Goberno.*

1. O Tribunal de Defensa da Competencia remitirá o seu dictame ó ministro de Economía e Facenda para que o eleve ó Goberno, que no prazo máximo de tres meses poderá decidir:

a) Non se opor á operación de concentración.

b) Subordina-la súa aprobación á observancia de condicións que acheguen ó progreso económico

e social unha contribución suficiente para compensar los efectos restrictivos sobre a competencia.

c) Declarala improcedente, estando facultado para:

1. Ordenar que non se proceda a ela, en caso de que non se iniciase.

2. Ordena-las medidas apropiadas para o establecemento dunha competencia efectiva, incluída a desconcentración.

Se transcorrido o prazo de tres meses desde que se reciba o dictame do Tribunal ou desde que finalice o prazo previsto para que este emita o seu dictame, o Consello de Ministros non adoptase a súa decisión, a operación entenderase tacitamente autorizada.

#### Artigo 18. *Multas por incumprimento*

1. A falta de cumprimento do deber de notificación será sancionada polo director do Servicio de Defensa da Competencia con multa de ata 5.000.000 de pesetas.

2. O director do servicio, independentemente do previsto no punto anterior, impondrá unha sanción de ata 2.000.000 de pesetas por día de atraso na notificación cando esta fose requirida polo servicio de acordo co previsto no número 4 do artigo 15 bis.

3. O Servicio de Defensa da Competencia vivirá a execución e o cumprimento dos acordos do Consello de Ministros. De non se cumprilo ordenado en aplicación do artigo 17, o Goberno, sen prexuízo da aplicación das medidas de execución previstas no ordenamento xurídico, impondrá a cada unha das empresas afectadas unha multa de ata o 10 por 100 do seu respectivo volume de vendas en España no exercicio en que se producise a operación de concentración.»

Dous. Modifícase o artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

#### «Artigo 31. *Funcións.*

Son funcións do Servicio de Defensa da Competencia:

a) Instruí-los expedientes por conductas incluídas nesta lei.

b) Vixia-la execución e o cumprimento das resolucións que se adopten en aplicación desta lei.

c) Leva-lo Rexistro de Defensa da Competencia.

d) As de estudo e investigación dos sectores económicos, analizando a situación e o grao de competencia de cada un deles, así como a de posible existencia de prácticas restrictivas da competencia. Como consecuencia dos estudos e investigacións efectuadas poderá propo-la adopción de medidas conducentes á remoción dos obstáculos en que se ampare a restricción.

e) As de información, asesoramento e proposta en materia de acordos e prácticas restrictivas, concentración e asociación de empresas, grao de competencia no mercado interior e exterior en relación co mercado nacional, e sobre as demais cuestións relativas á defensa da competencia.

f) As de cooperación, en materias de competencia, con organismos estranxeiros e institucións internacionais.

g) Levar a cabo as funcións de colaboración entre a Administración española e a Comisión Europea na aplicación en España das regras comuni-

tarias da competencia. Estas funcións realizaranse en coordinación cos departamentos sectoriais competentes da Administración pública.

h) Exerce-las competencias que lle atribúen os artigos 15 ó 18 desta lei, en materia de control de concentración.»

Tres. Engádese un novo artigo 31 bis, coa seguinte redacción:

#### «Artigo 31 bis. *Funcións do director do Servicio de Defensa da Competencia.*

1. Correspóndelle ó director do Servicio de Defensa da Competencia:

a) Propo-rlle ó Goberno as directrices de política de defensa da competencia no marco da política económica daquel.

b) Propo-rlle ó Goberno a adopción de resolucións xerais para outorgar exencións por categorías de acordos.

c) Aprobar un programa anual de avaliación das consecuencias da aplicación das regras de competencia que permita orienta-la dedicación de medios, a evolución da doutrina e os remedios adoptados.

d) Representa-lo Servicio de Defensa da Competencia.

e) Dar publicidade no "Boletín Oficial del Estado" ás resolucións a que se refire o artigo 5 desta lei.

f) Decidir sobre a conveniencia de insta-la aplicación do previsto no punto 3 do artigo 22 do Regulamento comunitario de control de concentracións.

g) Exerce-las competencias que lle atribúen os artigos 15 ó 18 desta lei.

2. O director do Servicio de Defensa da Competencia ostenta a xefatura del, e pode exercer tódalas competencias que a presente lei atribúe ó servicio.»

Catro. Engádese un segundo parágrafo á disposición derradeira coa seguinte redacción:

«Igualmente autorízase o Goberno para modificar mediante real decreto os limiares fixados no artigo 14.1 desta lei.»

Disposición adicional única. *Tarifas de gas natural, gases manufacturados por canalización e prezos de gases licuados do petróleo envasado.*

O ministro de Industria e Enerxía, nun prazo non superior a un mes desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, mediante orde, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dictará as disposicións necesarias para a actualización das tarifas de venda de gas natural, gases manufacturados por canalización para os consumidores finais e prezos de gases licuados do petróleo envasados. Esta actualización terá por obxecto a revisión á baixa de parámetros non vinculados a cotizacións internacionais de cru e produtos petrolíferos.

Disposición transitoria primeira. *Modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.*

O disposto no capítulo VIII deste real decreto lei será aplicable ás operacións de concentración que se realicen a partir da súa entrada en vigor.

No que non se opoña ós preceptos da Lei de defensa da competencia, modificados no presente real decreto lei, os procedementos que se inicien como consecuencia das notificacións obrigatorias previstas naqueles rexe-ranse polo Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, sobre procedemento a seguir polos órganos de defensa da competencia en concentracións económicas e forma e contido da súa notificación voluntaria.

#### Disposición transitoria segunda.

Á entrada en vigor do presente real decreto lei, as existencias de especialidades farmacéuticas que se atopen nos almacéns maioristas e oficinas de farmacia, así como as que lles subministren os laboratorios farmacéuticos con prezos calculados coas antigas marxes poderán ser vendidas ou dispensadas a eses prezos ata o día 30 de abril de 1999.

A partir do día 1 de maio de 1999, as subministracións dos almacéns axustaranse ó establecido neste real decreto lei.

#### Disposición transitoria terceira.

A partir do 1 de maio de 1999, os laboratorios só subministrarán especialidades farmacéuticas nas que figure o prezo calculado de acordo coas novas marxes, ben con novas cartonaxes ou ben reetiquetando as actuais con etiquetas adhesivas.

Para identificar que o prezo de venda ó público está calculado en función da nova marxe, a carón do prezo deberán figura-las siglas M.R.

A etiquetaxe só a efectuará o laboratorio preparador nas súas instalacións centrais.

#### Disposición transitoria cuarta.

A partir do día 1 de maio de 1999, o prezo de venda ó público das especialidades farmacéuticas será o que figure coas siglas M.R. a que se refire a disposición transitoria anterior ou ben o que resulte de realizar sobre o antigo prezo a minoración correspondente.

A facturación das receitas de especialidades farmacéuticas a cargo do Sistema Nacional de Saúde, cerrada ata o día 31 de maio de 1999, liquidarase cos antigos prezos. As facturacións cerradas a partir do 1 de xuño de 1999 liquidaranse cos novos prezos.

#### Disposición derogatoria única.

Derrógase o artigo 5 do Real decreto 2821/1998, do 23 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para 1999. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto no presente real decreto lei.

#### Disposición derradeira primeira.

Un. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup> e 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación da disposición adicional segunda da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, reguladora dos colexios profesionais, contida no artigo 1 do presente real decreto lei.

Dous. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup> e 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación dos reais decretos 1426/1989 e 1427/1989, de 17 de novembro, o Decreto 757/1973, do 29 de marzo, e o Decreto do 15 de decembro de 1950,

en materia de aranceis, contida no artigo 2 do presente real decreto lei.

Tres. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup>, 149.1.7.<sup>a</sup> e 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, contida no artigo 3 deste real decreto lei.

Catro. Ó abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto nos artigos 4, 5 e 6 do presente real decreto lei.

Cinco. Ó abeiro do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto no artigo 7 do presente real decreto lei.

Seis. Ó abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto no artigo 8 do presente real decreto lei.

Sete. Ó abeiro dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto no artigo 9 do presente real decreto lei.

Oito. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup> e 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, contida no artigo 10 deste real decreto lei.

#### Disposición derradeira segunda.

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 16 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

*(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 101, do 28 de abril de 1999.)*

**8927** LEI ORGÁNICA 7/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional. («BOE» 96, do 22-4-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A garantía constitucional da autonomía local aconsella que poidan ser obxecto de impugnación ante o Tribunal Constitucional, por parte dos entes locais, aquelas leis do Estado ou das Comunidades Autónomas que puidesen non resultar respectuosas coa dita autonomía.

Con isto, perfecciónase no noso ordenamento a previsión do artigo 11 da Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e aprobada e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988, que sinala que as entidades locais deben dispor dunha vía de recurso xurisdiccional co fin de asegura-lo libre exercicio das súas competencias e o respecto ós principios de autonomía local consagrados na Constitución